

Enquisa de condicións de vida das familias. Módulo de formación e inserción laboral. Principais resultados. Ano 2004

COMUNICADO

**O FOGAR MÁIS COMÚN EN GALICIA É O COMPOSTO POR
DÚAS PERSOAS**

**OS INGRESOS MEDIOS MENSUAIS DOS FOGARES
GALEGOS SUBEN UN 2,04% CON RESPECTO A 2003
POR PRIMEIRA VEZ MÁIS DO 50% DOS GALEGOS USAN O
TELÉFONO MÓBIL**

O tipo de fogar máis frecuente en Galicia é o composto por dous membros cun 26,06%.

O fogar máis común en Galicia no ano 2004, o mesmo que en 2003, é o composto por dúas persoas. A porcentaxe deste tipo de fogares aumenta do 24,21% (ano 2003) ó 26,06% (ano 2004). Por provincias, para Lugo e Ourense as porcentaxes de fogares cunha ou con dúas persoas son claramente máis altas que para A Coruña e Pontevedra. Ourense e Pontevedra son as dúas provincias que presentan unha maior diverxencia no tocante á estrutura, no 31,01% dos fogares ourensáns viven dúas persoas polo 24,22% dos pontevedreses, mentres que no 14,26% dos fogares pontevedreses viven cinco ou máis persoas polo 6,55% dos ourensáns.

No 43,68% dos fogares galegos vive ó menos unha persoa de 65 ou máis anos.

Con respecto a 2003 prodúcese lixeiras diminucións nas porcentaxes de fogares con algunha persoa de 65 ou máis anos, con algunha menor de 16 anos e con algunha persoa menor de 6 anos situándose no 43,68%, o 25,33% e o 10,87%, respectivamente.

O 37,56% dos fogares galegos están compostos por unha parella con fillos.

Pontevedra presenta a maior porcentaxe galega cun 41,43% de fogares formados por unha parella con fillos, mentres que Lugo cun 32,14% presenta a menor. Por outro lado, o 18,95% dos fogares galegos son unipersoais.

O numero medio de persoas por fogar sitúase nas 2,86.

No ano 2004 confírmase a tendencia a diminuír do tamaño medio do fogar galego pasándose das 2,90 persoas por fogar de media no ano 2003 ás 2,86 persoas en 2004. Tódalas provincias galegas experimentan diminución, manténdose as diferenzas entre elas practicamente constantes.

Os ingresos medios mensuais dos fogares galegos son no ano 2004 de 1.603 € o que supón un crecemento do 2,04% con respecto a 2003.

Por provincias, os maiores ingresos medios mensuais danse en Pontevedra con 1.693 € e os menores volve te-los Ourense con 1.350 €, mentres que os da Coruña se sitúan en 1.639 € e os de Lugo en 1.544 €. Tódalas provincias experimentan subidas, son estas maiores en Lugo e Ourense.

Os ingresos medios mensuais por persoa experimentan unha subida do 3,70%.

Os ingresos medios mensuais por persoa pasan de 541 € en 2003 a 561 € en 2004, é a Coruña con 570 € a que presenta maiores ingresos e Ourense con 531 € a que presenta os menores.

O 47,82% dos fogares galegos chegan con dificultade a fin de mes.

O 13,79% dos fogares galegos chegan con moita dificultade a fin de mes, o que supón unha leve diminución con respecto ó ano anterior no cal a porcentaxe era do 13,89%. Sen embargo, a porcentaxe de fogares que chegan con dificultade alcanza o 47,82%, o que supón un lixeiro aumento con respecto a 2003 no cal a porcentaxe era do 47,02%.

Por outro lado, o 38,39% dos fogares galegos chegan a fin de mes con facilidade ou moita facilidade. Por provincias, a maior porcentaxe de fogares que chegan a fin de mes con facilidade ou moita facilidade preséntase na Coruña cun 39,63% e a menor en Ourense cun 36,37%. É notable a diminución deste tipo de fogares que acontece en Lugo e Ourense con máis de dez puntos en Lugo e máis de sete en Ourense, así como a subida de case seis puntos en Pontevedra.

O 9,03% dos fogares galegos sitúanse en 2004 baixo o limiar da pobreza.

O 9,03% dos fogares galegos sitúanse baixo o limiar de pobreza, o que supón unha diminución con respecto a 2003 no cal a porcentaxe era do 9,86%. Por provincias, Pontevedra cun 7,84% ten a menor porcentaxe e novamente Ourense ten a maior cun 12,04%, aínda que a dita porcentaxe experimenta unha diminución con respecto a 2003 no cal era do 14,02%.

Se considerámo-los fogares baixo o limiar de extrema pobreza a porcentaxe no ano 2004 en Galicia é do 1,13%, que é lixeiramente superior á de 2003 que era do 1,03%.

As taxas de actividade, ocupación e paro sitúanse no 51,32%, o 46,12% e o 10,14%, respectivamente.

Nos últimos tres anos a taxa de actividade galega experimenta un aumento dende o 49,37% no ano 2002 ata chegar no ano 2004 ó 51,32%.

A taxa de ocupación en Galicia é no segundo trimestre do ano 2004 do 46,12%, o que representa unha lixeira subida con respecto a 2003 que era do 45,96%.

A taxa de paro no segundo trimestre do ano 2004 é do 10,14%, o que supón un aumento con respecto á do ano 2003, que era en Galicia do 9,85%.

Aumenta con respecto a 2003 a porcentaxe de contratos de duración indefinida.

O 31,28% dos asalariados galegos teñen contrato de duración temporal no segundo trimestre de 2004, o que supón unha lixeira diminución con respecto ó mesmo trimestre do ano 2003, que era do 31,52%.

Por primeira vez máis da metade das persoas de cinco ou máis anos usan o teléfono móbil en Galicia.

A porcentaxe de persoas de cinco ou máis anos que usan telefonía móbil en Galicia sitúase no 55,01%. A porcentaxe de homes que usan teléfono móbil en Galicia é do 60,49% en 2004 polo 49,95% das mulleres, a diferenza é practicamente a mesma que a experimentada no ano 2003. Por grupos de idade, o formado polos mozos de 20 a 29 anos é o que presenta a maior porcentaxe cun 91,17%, mentres que a menor é a das persoas de 55 ou máis anos cun 22,13%. Tódolos grupos de idade experimentan subidas en porcentaxe de uso, é especialmente relevante que o 26,57% dos rapaces entre 5 e 14 anos usan teléfono móbil, porcentaxe que duplica a alcanzada en 2002, que era nese grupo de idade do 13,14%.

A porcentaxe de persoas que usan ordenador persoal alcanza en 2004 o 33,94%.

Por provincias, Lugo e Ourense presentan as porcentaxes máis baixas cun 30,66% e cun 28,70%, respectivamente. Pola contra, A Coruña cun 34,24% e Pontevedra cun 36,81% presentan as máis altas. Por sexos, a porcentaxe de uso nos homes é do 37,51%, mentres que as mulleres presentan un 30,65%. Aínda que con respecto a 2003 ambas porcentaxes experimentan un aumento, o da porcentaxe masculina é de preto de tres puntos porcentuais por un o da feminina. Por idades cabe sinalar que para tódolos grupos de idade a porcentaxe experimenta un aumento. A maior porcentaxe é a dos mozos de 15 a 19 anos cun 75,44%, mentres que a menor é a das persoas de 55 ou máis anos cun 4,76%.

A porcentaxe de persoas que se conectaron a internet en 2004 é do 24,39%.

Por provincias, as maiores porcentaxes son as da provincia da Coruña cun 25,22% e de Pontevedra cun 26,31%. Por outro lado, as menores son as de Ourense cun 19,93% e as de Lugo cun 21,14%. Por sexos, a porcentaxe de homes que se conectaron a internet é do 26,81%, mentres que a de mulleres é do 22,16%. Por idades, o grupo formado polas persoas de 15 a 19 anos presenta a porcentaxe maior cun 59,97%, mentres que a de 55 ou máis anos é do 2,88% é notablemente a máis baixa.

A porcentaxe de persoas que realizaron algunha compra por internet é do 2,22% en Galicia, porcentaxe que aumenta lixeiramente coa experimentada en 2003, que era do 1,90%.

O 35,07% da poboación de cinco ou máis anos ten algún tipo de coñecemento do inglés falado e un 33,08% do escrito.

Se considerámo-los que teñen un coñecemento alto, as porcentaxes son do 3,03% para o inglés falado e un 3,10% para o escrito.

Máis da metade da poboación galega non ten coñecementos no manexo do ordenador persoal.

Concretamente o 57,80% da poboación galega de cinco ou máis anos non ten coñecementos no manexo do ordenador persoal. Se considerámo-los que teñen coñecemento alto a porcentaxe alcanza o 4,60%.

O medio principal polo que a poboación galega encontrou o seu primeiro emprego foi mediante amizades, familiares ou outros contactos cun 38,03%.

A porcentaxe de persoas que foron asalariados no seu primeiro emprego é do 73,91%. Nese primeiro traballo, o tipo de contrato maioritario foi de duración temporal cun 72,08%.

Para máis información:

Publicacións relacionadas

Enquisa de condicións de vida das familias. Principais resultados. Ano 2004

Enquisa de condicións de vida das familias. Ingresos do fogar. Ano 2004 (próxima publicación)

Enquisa de condicións de vida das familias. Novas tecnoloxías. Ano 2004 (próxima publicación)

Enquisa de condicións de vida das familias. Formación e inserción laboral. Ano 2004 (próxima publicación)

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Comunicados en: <http://www.ige.xunta.es>

e-mail: ige@xunta.es